

III

Ignorante son e ben que xa o sei:
"Sei que non sei nada..."

Nen nada eu non son
máis que pobre e parva.
Se a vida ensinoume,
aprender non souben
canto me ensinara

Preguntas facía, respostas buscando
a tantos misterios que ó redor achaba:
¿Que quer dicir iso? ¿Aquelos que era?
¿Por que o monte é verde e azul o ceo?
¿Por que é así esto? ¿Aquelos onde estaba?
¿Por que quenta o sol e a estrela loce?
¿Por que o mar é fondo e brúa a marea

¿Para que nacemos? ¿Morremos, por que?
¿Por que o día é claro e a lúa es pella?
Preguntas... Preguntas... Preguntas...
A nena que eu era sempre preguntaba
As veces, respostas... ás veces ¡nen nada!